

ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

É un principio que rexe todo o ensino para lle proporcionar ao alumnado unha educación adecuada ás súas características, necesidades, capacidades, motivacións e estilos de aprendizaxe. Procuraremos, na medida en que o permitan os nosos recursos e capacidades, desenvolver medidas flexibles para adaptarnos ás diferenzas individuais na aprendizaxe.

A diversidade maniféstase en función de factores sociais, culturais, xeográficos, económicos, étnicos, relixiosos... pero, sobre todo, nas propias capacidades da persoa: intelectuais, motrices ou sensoriais.

Deste xeito, adaptaremos esta programación do curso atendendo á diversidade:

- observando o alumnado e orientándoo para axeitar materiais didácticos ou realizar, se for necesario, adaptacións específicas segundo as dificultades detectadas nos primeiros meses do curso (problemas auditivos: hipoacusias, problemas visuais, neurofisiolóxicos, psicolóxicos...);
- adecuando os medios, espazos e actividades didácticas ás discapacidade que se detecten nas aulas seguindo as directrices do departamento de orientación;
- titorías individualizadas, con dedicación dunha hora semanal por docente, nas que o alumnado poderá recibir asesoramento persoal sobre o seu progreso, materiais de reforzo e orientacións sobre as estratexias máis axeitadas para progresar na súa aprendizaxe;
- realizando probas de clasificación e recolocacións posteriores do alumnado que queira acceder a un nivel determinado por posuír experiencia ou coñecementos previos no idioma sempre que non estivera matriculado na escola no curso pasado;
- empregando as TIC como ferramenta de autoaprendizaxe: aulas multimediais (CESGA, Moodle), fichas de autoavaliación, materiais audiovisuais, blogs ou redes sociais;
- dotando o fondo de material da Biblioteca do centro con grande variedade de recursos para practicar o idioma segundo o propio ritmo ou as necesidades de aprendizaxe e promovendo actividades de lectura e na biblioteca que dinamicen este espazo ;

- planificando actividades, materiais didácticos e probas de exame (sempre que se solicite adaptación por parte do alumnado) diferenciados segundo ritmos de aprendizaxe,
- graduando a dificultade das actividades (ampliación, afondamento ou reforzo),
- procurando recursos diferentes que faciliten e se adapten ás necesidades individuais de aprendizaxe do alumnado,
- agrupando o alumnado na aula de xeito equilibrado para poder desenvolver as tarefas e cumprir as funcións comunicativas colaborativamente,
- planificando reforzos sempre que sexa posible para o alumnado que o precise e empregando as clases intergrupais para mellorar a atención ao alumnado coa presenza de 2 docentes na aula.
- Programando as tutorías concertadas con antelación co alumnado para traballar e orientar a súa aprendizaxe.

Se temos a posibilidade de planificar e desenvolver de xeito efectivo todas estes propósitos atendendo ás necesidades da sociedade actual, a aprendizaxe de idiomas contribuirá a eliminar a marxinación das persoas con diversidade funcional.